




TALLER DE ARQUITECTURA


Dossier

PALITROQUES é un **proxecto educativo** que emprega como ferramenta principal un **recurso didáctico** propio, baseado nun sistema construtivo de barras e unións para a montaxe de figuras e estruturas. Desenvólvese de forma práctica con **obradoiros de arquitectura** de diversos tipos.



INTRODUCCIÓN


PALITROQUES xurde a partir da necesidade de levar á práctica materias tan teóricas e abstractas como a **xeometría**, a **matemática** e a **física**.



Este recurso didáctico, desenvolvido a partir da **arquitectura**, axudaranos a comprender de forma doada e entretida os fundamentos destas materias.

O RECURSO DIDÁCTICO MATERIAL ESTRUTURADO

PALITROQUES é un tipo de **material estruturado** baseado nun sistema construtivo de **barras e unións**. Existen diversas lonxitudes de palitroques, diferenciados por cores, correspondentes a proporcións xeométricas concretas.




O *sistema palitroques*, de montaxe sinxela, pódese empregar como **ferramenta didáctica** e, como **xogo de construción**.

O material está dispoñible para particulares ou centros educativos que desexen adquirilo.


OBXETIVOS DIDÁCTICOS

Os obxectivos principais son **construír** e **crear** figuras e estruturas para así **comprender** os seus fundamentos e **experimentar** coas nosas mans. Ademais, aprenderemos a **interpretar** planos.



O OBRADOIRO E A SÚA METODOLOXÍA

O obradoiro desenvólvese nun formato de **xogo en equipo**, no cal deberanse superar diversos **retos** nun tempo determinado, o mesmo que nunha **Xincana Construtiva**.






Deste modo, o obradoiro adquire un carácter lúdico que xera unha **aprendizaxe significativa**, baseada na experiencia e no xogo, capaz de perdurar no tempo.



Así pois, o método é moi claro: **aprender xogando**. Isto implica un traballo colaborativo e participativo de todos os asistentes, xerando unha motivación ao teren que conseguir unha meta: pasar da **idea** (plano) á **realidade** (figura). Todo o obradoiro desenvólvese dun modo entretido e dinámico.

TIPOS DE OBRADOIRO

PALITROTRES ofrece **diversos tipos de obradoiros** a escoller, segundo os niveis educativos, necesidades e circunstancias.




I. MONTAXE

Este é o **obradoiro de PALITROQUES** **propriadamente dito**, consistente na montaxe de figuras e estruturas de diversos tipos. É un formato versátil e adaptable a moitas situacións, desenvolvendo diversos contenidos. Ten unha duración aproximada entre 50' e 100' minutos.



BLOQUES Y PALITROQUES SISTEMA LUPO

O proxecto **SISTEMA LUPO** ten o seu propio **recurso didáctico de bloques**. Ambos sistemas complementáanse e pódense misturar ofrecendo novas posibilidades de contido e de xogo.




LUPO



II. FABRICACIÓN

Consiste na **elaboración dos PALITROQUES** (pintando, cortando, aparafusando...), ben sexa cunha clase ou cun grupo de calquera tipo. Ao rematar o obradoiro, o centro ou asociación queda co Pack fabricado. Ademais, este formato dá a opción dunha charla formativa ao profesorado do centro, para aprender a metodoloxía e así poder incluír este recurso didáctico nas súas clases.



III. CONSTRUCCIÓN

Aquí o sistema é diferente, trátase dun **obradoiro de carpintería estrutural** no que construiremos estruturas fixas e resistentes. A duración deste formato é variable segundo o tipo de estrutura, asistentes e as circunstancias concretas, sendo de dúas xornadas completas como mínimo. Este obradoiro pódese realizar con alumnado da ESO e cursos superiores.



RECURSOS MATERIAIS

Todo o necesario aportarao o tallerista, tanto os **materiais** como as **ferramentas**, en calquera dos cursos ofertados.

Aportaranse tamén os **planos** con todas as instrucións necesarias.



ESPAZOS

O obradoiro precisa dun lugar **amplo e alto** para o bo desenvolvemento da actividade. Por exemplo, nun patio, ao aire libre ou no interior dun polideportivo ou ximnasio.

ESCENOGRAFÍAS

PALITROQUES tamén colaborou con diferentes compañías e asociacións, deseñando e creando escenografías e escenarios para os seus espectáculos, eventos e actividades.



Escenarios para actuacións artísticas.



GRI GRI. Espectáculo de marionetas.
Compañía Marionetes Nòmades.



VOO. Espectáculo de danza contemporánea.
Bailarina Ánxela Blanco.

TRAXECTORIA

O proxecto PALITROQUES comeza en 2013, a partir da proposta dun obradoiro de arquitectura dentro do programa de eventos do festival artístico *Vibra Balboa* (León). A partir de aquí, desenvólvese o sistema a nivel técnico, e dáselle un enfoque educativo, ata convertilo nun recurso didáctico.

Ao longo destes anos, PALITROQUES desenvolveuse e medrou grazas á experiencia adquirida a través da impartición de múltiples obradoiros, en diferentes formatos, levados a cabo en centros educativos e culturais de todo tipo (colexios e institutos, fundacións, museos, asociacións...)



Entre todas as colaboracións realizadas polo proxecto PALITROQUES, destaca a súa presenza nas seguintes exposicións, congresos e programas de formación:

Bienal Internacional Ludantia (Pazo da Cultura, Pontevedra), *Mies es +* (CGAC, Santiago), *Jornadas para el Aprendizaje y la Enseñanza de las Matemáticas 19JAEM* (Palexco, A Coruña), *XXXII Congreso de ENCIGA* (Viveiro), *Biocultura* (Expocoruña), *V Encuentro Playgrounds* (Cidade da Cultura, Santiago), *CAFI Formación del profesorado* (Pazo de Congresos, Santiago), *Expo ARGALLAR* (Museo MARCO, Vigo)...

AUTOR

Víctor González García-Echave é **formador** e **arquitecto** autónomo con posgrao en **bioconstrución**.

Actualmente, pertence a dúas asociacións, ambas moi afíns a súa maneira de entender a profesión.

Asociación ESPIGA

Asociación galega para a bioconstrución
www.espigabioconstrucion.org

Asociación LUDANTIA

Arquitectura, educación e infancia
www.asociacionludantia.org



Colabora regularmente coa **cooperativa OKAMBUVA** (Valencia), dedicada á formación e execución de proxectos en bioconstrución.

www.okambuva.coop

Forma parte do *Equipo Lupo*, impartindo, entre outros, o curso “Nenoarquitectura” na Fundación Luis Seoane (A Coruña) coordinado por Fermín Blanco, autor do **SISTEMA LUPO**.
www.sistemalupo.com

CONTACTO:

palitroquesarquitectura@gmail.com

www.palitroques.es

tlf: 653 426 949

PALITROQUES EN LA RED

(Pincha en la imagen para ir a la web)

LA OPINIÓN



Asociación LUDANTIA



Asociación KIBUTZ




IES Escolas Proval



CGAC_Taller Fuller



CGAC_Taller Anne Tyng



MISCELÁNEA

(Pincha en la imagen para ver el vídeo)


Entrevista Encuentro Playgrounds



Pazo da Cultura(Pontevedra)



CGAC (Santiago)



IES Escolas Proval (Nigrán)



Sistema Lupo (A Coruña)



OKAMBUVA (Valencia)

